

A VI REUNION DE XEOLOXIA E MINERIA DO N.O. PENINSUAR. Novembro 1984

Por Juan Ramón Vidal Romani

Durante os días 22, 23 e 24 de agosto de 1984, tivo lugar en O Castro, Sada, a VI Reunión de Xeoloxía e Minería do Noroeste Peninsuar, cun tema monográfico para as comunicacións «Minería metálica e do Sn en Galicia e no Macizo Hespérico Peninsuar».

Como un chanzo máis cara a recuperación da estrutura das reunións de xeoloxía do vello Laboratorio Xeolóxico de Laxe, a reunión de este ano incluía, como actividade pre-reunión unha visita dos participantes á Mina de Monte Neme en Buño, (Carballo, A Coruña).

Os actos comezaron pois, o día 22 ás nove e media da mañán, coa recollida dos participantes na excursión pre-reunión diante do Hotel Atlántico da Coruña e o traslado dos mesmos en autocar á mina, a onde se chegou arredor das 10 e media. Algúns inconvenientes, como o mal tempo, con chuvias e ventos racheados, xunto ao peche de parte das instalacións da explotación por descanso do persoal, restaron brillo ao que todos queríamos fora un grande éxito. Mais os que facéndose os xordos diante dos cantos de sireia dos conductores dos jeeps da mina seguiron a pé ao organizador da excursión, poideron, primeiro asistires á explicación que deu sobre a xeoloxía e a metaloxenia da zona o Dr. Yves. Gouanvic, da Universidade de Nancy (Francia) quen rematara, hai ben pouco, o seu traballo de tese doctoral sobre esta mesma área. Logo acompañados polo Director da explotación o Sr. Adolfo Ferreiro se poido visitar os cortes xeolóxicos mais interesantes da mina.

A tarde, nun restaurante perto de Buño, a Dirección da Mina ofreceu unha comida aos participantes, logo da que se fixo unha visita ao Centro artesanal de oleiros de Buño, onde os que quixeron poideron levar, como recordo do día algún dos sonados produtos.

O día 23, a partires das 9 horas 15 minutos da mañán, tivo lugar a recepción dos participantes inscritos na Reunión aos que se lles fixo entrega da documentación correspondente, xunto coa xa tradicional medalla.

As 10,30 da mañán, en Sesión inaugural, o Profesor Isidro Parga Pondal, deu a benvida aos asistentes, declarando abertas as Sesións Científicas, que deron comezo cunha interesante conferencia pronunciada polo Dr. Ing. de Minas, o Excmo. Sr. D. Francisco Rosado, Presidente da Cámara Mineira de Galicia na que se falou sobre do «Panorama mineiro de Galicia. Seu futuro», cuxo texto aparece recollido neste volumen dos Cuadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe.

Co final da intervención do Dr. Ing. Don Francisco Rosado deu comezo, simultaneamente en dúas aulas, a exposición dos numerosos traballos presentados este ano á Reunión. Os temas, neste primeiro día se agruparon baixo dos títulos *Procesamento de materias primas minerais e metaloxénese do Sn e outros elementos químicos metálicos*, que viñan correspondendo co tema monográfico da reunión e, noutra das liñas de traballo dos colaboradores do Laboratorio Xeolóxico de Laxe *Xeoloxía do Cuaternario*, cos seus xa tradicionais apartados de sedimentoloxía e procesos de alteración.

En total, e ao longo do día foron expostos mais de trinta traballos, dos que todos, agás 6, cuxo orixinal non nos deu chegado a tempo nas condicións da nosa publicación, aparecen no que se segue íntegramente transcritos.

Con simultaneidade ás Sesións Científicas, no edificio anexo ao Centro de Convergencia de Empresas Culturais, onde tiña lugar a exposición e discusión dos traballos anteditos, houbo unha interesante mostra dos distintos Procesos Baltar, de separación de menas minerais, metálicas ou non, algúns dos cales poideron ser contemplados en fase de procesamento de minerais, mentras que en outros casos, onde a complexidade do aparato ou das conexións esixidas (auga ou lus), o impedían, o proceso foi explicado, mediante gráficas a cores, extremadamente ilustrativas, polo propio inventor dos inxenios.

As Sesións Científicas, como a mostra de maquinaria mineira de separación, concentración ou desbaste de menas minerais foron interrompidas ás 8 da tarde hastra o día seguinte.

O día 24, a partires das 10 da mañán se reanudan as Sesións Científicas, adicadas a Xeoloxía (Petroloxía, Xeoquímica e Tectónica), na que foron expostos 8 traballos mais, dos que seis non teñen outra representación eiquí que o seu resume, ao non nos ter chegado hastra a data límite de recollida de orixinais, os seus textos.

Logo de rematadas as Sesións Científicas, tivo lugar as 13 horas 30 minutos unha solene Sesión de peche, na que o Ilmo. Sr. Subdirector Xeral de Minas da Xunta de Galicia, o Dr. Ing. Don Sebastián Martín falou sobre o tema:

«Estado actual da minería galega en xeral e da do Sn en particular».

Finalizaron os actos cunha comida ofrecida aos participantes na Táboa da Fusquella, como xa ven sendo tradición.

A tarde, na Asamblea Xeral decidiuse que o tema da Reunión do ano 1985 sería xenéricamente sobre dos Granitos de Galicia.

Este ano compre sulñar que foi hastra o momento, o de mais importante participación que superou as duascenas persoas, a pesares de que por vez primeira se esixiu cuota de inscrición que dará por outra banda dereito á recepción gratuita do volumen correspondente á reunión.